



## **INSTRUCCIÓN A TER EN CONTA PARA AS SOLICITUDES DAS AXUDAS PEL REACTIVA-CONCELLO DE NARÓN**

### **DOCUMENTACIÓN OBRIGATORIA QUE HAI QUE PRESENTAR XUNTO COA SOLICITUDE E O ANEXO DE DECLARACIÓN RESPONSABLE**

Segundo o artigo 4.3 das bases reguladoras desta subvención é obrigatorio presentar:

- a) DNI/NIE/CIF segundo o caso, en vigor.
- b) Designación da conta bancaria segundo modelo do Concello T-TES-01.
- c) Certificado de Situación Censual da Axencia Estatal Tributaria actualizado á data da convocatoria.
- d) Informe actualizado de Vida Laboral da empresa, expedido pola Tesouraría Xeral da Seguridade Social no que se inclúa o número de traballadores/as. Obrigatoriamente ha de comprender dende o 1 de marzo de 2020 e ata a data máis próxima á presentación de solicitude.
- e) Se o solicitante pertence ao grupo II debe presentar, ademais: acreditación da redución de ingresos dende os seis meses naturais previos á declaración do estado de alarma e ata a data de presentación da solicitude da axuda, mediante a presentación dalgún dos seguintes documentos: copia do libro de rexistro de facturas, libro diario de gastos, libro rexistro de vendas e ingresos e libro de compras e gastos, ou declaración de IVE, IRPF.
- f) Se o solicitante pertence ao grupo III debe presentar, ademais: Documento acreditativo da situación do ERTE.

### **DOCUMENTACIÓN QUE, ENTRE OUTRA, QUE PODE SER REQUIRIDA E QUE E O/A SOLICITANTE ESTÁ OBRIGADO A TER A DISPOSICIÓN DO CONCELLO**

- Resolución/certificación da alta no Réxime Especial de Traballadores Autónomos ou a Mutua profesional correspondente.
- Contrato/s de traballo do cadro de persoal da empresa, para os seguintes casos:
  - menores de 30 anos
  - persoas con discapacidade
  - a tempo parcial
- No caso de non autorizar ao concello á consulta para a súa obtención: Certificados de estar ao corrente coa Axencia Estatal de Administración Tributaria (AEAT), coa Seguridade Social, e coa Axencia Tributaria de Galicia.
- No caso de persoas xurídicas: a súa escritura de constitución e os estatutos, e as modificacións e variacións posteriores (se as houbera), inscritas no correspondente rexistro.

A documentación indicada nos 4 puntos anteriores pode ser achegada polo/a solicitante xunto coa solicitude e cos demais documentos de presentación obrigatoria.



#### ACTUACIÓN PERSOAL OU POR MEDIO DE REPRESENTANTE

Se a empresa ou autónomo/a dispón de certificado dixital, pode presentar a solicitude sen necesidade de actuar por medio de representante, o que facilita o trámite de solicitude.

No caso de no ter certificado dixital deberá actuar por medio de representante: haberá de acreditar a representación na forma disposta no artigo 5.4 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, coa correspondente identificación da persoa representante, a través do seu DNI/NIE ou CIF., sen prexuízo da necesidade de entregar máis documentación acreditativa no caso de persoas xurídicas, dependendo da tipoloxía dos socios/as.

Pódese acreditar a representación, mediante apoderamento apud acta efectuado por comparecencia persoal, no concello de Narón.

#### FICHA DATOS BANCARIOS T-TES-01

- No suposto que **este documento xa conste no Concello**, non será necesaria a súa presentación de novo, pero o solicitante **deberá indicar en que procedemento administrativo foi achegado**.
- Este modelo deberá atoparse **debidamente cumprimentado en todos os seus apartados e asinado dixitalmente** polo titular da conta bancaria ou o seu representante legal, de ser o caso, e **acompañar certificado bancario de titularidade de conta**.
- **Forma de presentación na sede electrónica:** O modelo T-TES-01 (neste procedemento) ten que presentarse na sede e estar asinado dixitalmente polo titular da conta ou o seu representante legal e debe vir acompañado da documentación precisa tal e como se expuxo no parágrafo anterior.

#### NO CASO DE NON AUTORIZACIÓN AO CONCELLO CERTIFICADOS DE ESTAR AO CORRENTE NO CUMPRIMENTO DAS OBRIGAS TRIBUTARIAS E DA SEGURIDADE SOCIAL

Os certificados de estar ao corrente coas obrigas tributarias e coa Seguridade Social que serán admitidos poden ser xenéricos, ou específicos para percibir subvencións.

Tal e como se establece no artigo 23.3 RD 887/2006, unha vez expedida a certificación terá validez durante o prazo de seis meses a contar dende a data da súa expedición.



**INFORME ACTUALIZADO DE VIDA LABORAL DA EMPRESA EXPEDIDO POLA TESOURERÍA XERAL DA SEGURIDADE SOCIAL NO QUE SE INCLÚA O NÚMERO DE TRABALLADORES/AS DESDE O DÍA DE 1 DE MARZO DE 2020.**

Se fora o caso, dun/dunha autónomo/a sen persoal asalariado, a solicitude á S. Social que ten que tramitar denomínase “INFORME NEGATIVO DE INSCRICIÓN DE EMPRESAS”.

Se tivera traballadores/as a cargo, a solicitude á S. Social que ten que tramitar denomínase: “INFORME DE SITUACIÓN DE EMPRESA INDIVIDUAL”.

Se tivo de alta algún Código Conta Cotización, por haber tido traballadores/as no pasado, a solicitude á S. Social que ten que tramitar denomínase: “INFORME DE SITUACIÓN DE CÓDIGO CONTA COTIZACIÓN”.

**PARA DÚBIDAS OU ACLARACIÓNS CONTACTAR NOS SEGUINTE TELÉFONOS DO SERVIZO SOCIOCOMUNITARIO: TELÉFONO 981-337700, EXTENSIÓNS 1114, 1123, 1126.**

**É MOI IMPORTANTE QUE OS/AS BENEFICIARIOS/AS INDIQUEN A SÚA PERTENZA A UN DOS GRUPOS QUE SE CONTEMPLAN NO ARTIGO 4.1 DAS BASES REGULADORAS, E QUE CUMPRAN OS REQUISITOS ESTABLECIDOS NO ARTIGO 4.2 DAS BASES REGULADORAS.**

Causas mais comúns de exclusión por non cumprimento dos requisitos:

- Fórmula xurídica da empresa non contemplada nas bases (como as sociedades civís sen personalidade xurídica propia e demais entidades carentes desta).
- Superar o concepto de microempresa.
- Non ter domicilio fiscal en Narón.
- Non pertencer a ningún dos tres grupos de beneficiarios/as (ej: non pechar polo Estado de Alarma, non redución da facturación nun 75%, ou non ter concedido ERTE)
- Que a alta no RETA ou na Mutuabilidade, ou a constitución da empresa fose posterior á entrada en vigor do Estado de alarma.
- Ter débedas coa administración.